



Declaración institucional da presidenta do Parlamento de Galicia, dona Pilar Rojo Noguera, na solemne sesión de apertura da VIII Lexislatura o 21 de abril de 2009

Presidente da Xunta de Galicia, membros do Goberno, señorías, autoridades e representacións, señoras e señores.

Hoxe celebramos a solemne sesión de apertura da VIII lexislatura do Parlamento de Galicia. Esta sesión atópase laconicamente prevista no artigo 6 do Regulamento da Cámara. Pero este laconismo non debe enganarnos, xa que estamos ante unha sesión de considerable relevancia porque supón a presentación oficial do Parlamento ante o corpo electoral que o acaba de elixir. Esta presentación ante a sociedade, da que recibimos a súa representación democrática, fai que a solemne sesión de apertura non sexa un mero trámite formal, senón que posúa unha profunda significación no sistema institucional autonómico.

Xa foron sete as lexislaturas que deron vida a esta Comunidade Autónoma no actual período constitucional. A valoración deste percorrido é necesariamente positiva: Galicia mellorou, tanto en calidade de vida coma en sentimento de identidade.

Os momentos iniciais foron difíciles polas dúbidas e incertezas. O consenso que posibilitou a aprobación da Constitución española deu lugar a que a previsión do Estado autonómico fose en exceso aberta e que a súa construción se fixese basicamente no período posconstitucional con diferentes ritmos e intensidades.

Galicia, nestes comezos autonómicos, pasou algún momento de especial tensión que, afortunadamente, puido resolverse de forma favorable para os nosos intereses. Vicente Risco dicía que existe un "carácter galego, un xeito especial de comportarse propio dos

galegos e soamente dos galegos". Talvez foi este "carácter galego" o que manobrou con habilidade para conseguir que Galicia entrase finalmente pola porta da plena autonomía e superase o que se denominou "o Estatuto da aldraxe". O Pacto do Hostal reactivou o proceso que rematou coa vixente Lei orgánica de aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia.

Moitas cousas pasaron dende aquela época. O galeguismo constitucional e estatutario foi modernizando a nosa terra, partindo de dous procesos: a construción dun conxunto de institucións propias a partir da elección dun Parlamento democrático e a progresiva atribución de competencias. O Parlamento de Galicia demostrou dende o principio unha notable vitalidade legislativa en sectores materiais de actividade do máis variado. Neste conxunto hai que destacar aquelas leis que desenvolven mandatos específicos do Estatuto e que permiten erguer a armazón institucional.

A día de hoxe, o corpus normativo autonómico é certamente extenso e de alta densidade xurídica e política. Trataremos nesta lexislatura de melloralo e actualizalo con rigor e eficacia, respondendo ás necesidades da sociedade á que nos debemos. O sentido común, a responsabilidade e a solidariedade serán os eixes inspiradores neste proceso.

Señorías, é preciso que saibamos recoller o testemuño das cousas boas do pasado da Autonomía e situarnos con toda a forza da nosa historia e dos nosos logros en España e en Europa, cultivando sempre os vínculos cos países irmáns de Iberoamérica, sen medos e sen prexuízos, con optimismo e dende o compromiso coa excelencia e a calidade.

A institución parlamentaria atópase no século XXI nunha auténtica encrucillada. Faise necesario compatibilizar a dimensión clásica do Parlamento cos novos retos que a actualidade formula.

Por unha banda, é preciso aproveitar as vantaxes do Parlamento clásico e da lóxica democrática que lle serve de base. Esta institución, que ten as súas raíces na Baixa Idade Media, chega a nós pola construción liberal da democracia representativa. Desde Montesquieu, é un lugar común afirmar que os membros da asemblea

representan non a electores concretos senón a todos eles. Así xorde a vinculación entre Parlamento e representación política e a esencialidade daquel na ideoloxía democrática. O Parlamento convértese nun dos iconos da democracia, na medida na que representa o pobo e asume unha lexitimidade básica na arquitectura constitucional.

Esta natureza liberal do Parlamento entra en crise coa chegada do que se denominou "Estado de partidos". Os partidos convértense en mediadores imprescindibles para canalizar a vontade plural da sociedade. Os deputados adscribíense aos partidos e aparece a maioría parlamentario-gobernamental. O Parlamento vese obrigado a adaptarse ás novas formas de gobernar, o que consegue, en opinión dalgúns, só en parte.

E así chegamos ata o presente. Pero, como dicía hai un momento, é preciso compatibilizar toda esta evolución e todas estas consecucións históricas cos novos retos que a actualidade do século XXI presenta, unha actualidade que vén marcada pola globalización, a sociedade da información e a aparición de novas formas de facer política e de participar.

Xorde, así, outra crise da institución parlamentaria, unha crise de poder e de eficiencia que debemos saber afrontar para cumprir coas funcións que o noso Estatuto de autonomía nos asigna.

Señorías, as novas formas de lexitimación democrática son un desafío de primeira magnitude; temos que asumilas e enriquecernos con elas; debemos tomar o pulso da opinión pública a través das redes sociais da internet, e por medio dos blogs e os foros de opinión. A calidade da democracia, á que aspiramos en Galicia, esixe unha continua reformulación dos postulados nos que se asenta, unha actualización que debe ser capitaneada polo Parlamento da Comunidade Autónoma.

As fórmulas asociativas tradicionais xa non son suficientes nestes esquemas participativos poliédricos e en continua transformación propios do século XXI. As vías para manifestar o pluralismo sométense a permanentes cambios na realidade dixital. A realidade actual é

dinámica e cambiante, conformada por fenómenos diferentes, ás veces simbólicos e mesmo enganosos.

É preciso, polo tanto, dinamizar a vida parlamentaria a través dun uso intensivo das novas tecnoloxías. O Parlamento ten que ser un actor clave no desenvolvemento dos beneficiosos efectos que as novas tecnoloxías teñen na vida democrática; e estas e a internet poden irromper en auxilio do Parlamento, xogando un papel reactivo ante as tentacións de anquilosamento.

Neste sentido, faise preciso facilitar novas vías de participación para a cidadanía que se engadan ás tradicionais. A transparencia e a participación poden acadar cotas moito máis elevadas coa introdución destes novos instrumentos que deben xirar sempre ao redor do cidadán.

Neste punto da evolución parece imprescindible implementar vías interactivas para que os cidadáns fagan chegar a súa voz ao Parlamento e que a relación deste co pobo non sexa unidireccional. Coa internet, o Parlamento atopa un útil instrumento para manterse no centro da area política e soportar o empuxe das novas lexitimidades.

O fin último do noso labor é o servizo á cidadanía. Esta debe ser, señorías, a nosa idea-forza, a brúxula que guíe esta nave. Non hai outra opción máis que o servizo ao interese xeral.

O Parlamento ten que estar onde está a xente: nas rúas, nos pobos, nas cidades, nos colexios, nas universidades, no campo, nas fábricas... Parafraseando a Locke, podemos dicir que "as leis non poden estar encamiñadas a outro fin último que non sexa o ben do pobo".

Respondamos, señorías, á vontade dos galegos e das galegas, ás súas inquiredanzas e aos seus desexos. Debemos promover e facilitar as vías de conexión da cidadanía co Parlamento, co obxecto de alcanzar unha comunicación fluída e un diálogo permanente. Esta proximidade cos cidadáns é esencial para conseguir que o proceso de toma de decisións sexa xusto e equilibrado, acorde co verdadeiro interese xeral.

Unha meta irrenunciable do Estado social é a materialización efectiva da igualdade entre homes e mulleres. Temos avanzado xa moito neste sentido, pero aínda queda traballo por facer. Non podemos tolerar que na Galicia do século XXI aínda atopemos fendas na igualdade de xénero: a nosa conciencia non o pode permitir. Desde esta Presidencia actuaremos decididamente na procura de tal igualdade, núcleo esencial do proxecto de futuro que queremos construír. Non dubido que atoparei absoluto consenso nesta tarefa. O exemplo de moitas mulleres que loitaron polos nosos dereitos inspiráranos neste cometido. Camiñaremos detrás das sufragistas, que, co seu esforzo, o seu ímpeto e incluso a súa vida, sentaron as bases para a consecución dos dereitos políticos das mulleres. E camiñaremos detrás da estela marcada por ilustres galegas, como Concepción Arenal ou Emilia Pardo Bazán, das que herdamos unha altura moral para a nosa existencia como pobo.

Nun momento de crise como o que vivimos, o órgano que representa a todos os galegos e galegas debe adoptar un plan de austeridade, un plan que elimine os gastos que non sexan estritamente necesarios para o exercicio das nosas competencias.

Este non é só un tema ético, senón que tamén afecta o propio sentido da institución parlamentaria. Diciámolo anteriormente: debemos estar na realidade, onde se atope a xente e os seus problemas e inxedanzas. Nun momento de crise económica, a primeira institución representativa debe situarse en primeira liña na loita contra tal crise. Nós, os deputados e as deputadas de Galicia, debemos empeñar todo o noso esforzo para superar o difícil momento que agora vivimos.

Na pasada lexislatura, creouse nesta Cámara unha Comisión para a reforma do Estatuto de autonomía, que non chegou a cumprir o seu obxectivo. Esta Presidencia comprométese a impulsar de novo este proceso, sempre sobre a base do consenso entre os distintos grupos parlamentarios.

O actual Estatuto é un bo texto, que cumpriu a súa función e axudou ao desenvolvemento da nosa Comunidade. Sen embargo, o paso do tempo aconsella xa a súa reforma para cumprir o seu destino como

norma xurídica: este destino non é outro que a correcta disciplina da comunidade político-social que lle serve de base.

Esta reforma debe facerse con absoluta lealdade constitucional. A Constitución de 1978 é o marco de convivencia básico de España e o referente onde se cruzan as coordenadas democráticas das que gozamos dende hai anos.

A reforma estatutaria debe aproveitarse para introducir medidas que melloren e clarifiquen o labor parlamentario. Medidas, por exemplo, como outorgarlle iniciativa lexislativa ás entidades locais, introducir a previsión estatutaria expresa de comisións de investigación, dotar de garantía o sufraxio dos residentes no exterior ou introducir, entre outras, a figura da lexislación en caso de urxencia, seguindo as previsións constitucionais do decreto lei.

Neste esforzo colectivo de actualización tamén semella oportuno acometer a reforma do Regulamento da Cámara. É necesario que o traballo do Parlamento de Galicia sexa máis áxil e rápido, aproveitando ao máximo as novas tecnoloxías dixitais e suprimindo rémoras disfuncionais; por exemplo, poderíamos reducir os prazos de tramitación de preguntas ou interpelacións.

Tamén é oportuno introducir previsións encamiñadas a favorecer a igualdade de xénero, como manifestación da igualdade constitucionalmente recoñecida nos artigos 9 e 14 na nosa Carta Magna e do propio Estado social. Diciámolo anteriormente: a loita pola igualdade da muller é un dos nosos compromisos; neste sentido é imprescindible introducir medidas para que as deputadas embarazadas non vexan diminuídas as súas capacidades por regulacións anquilosadas. Non podemos tolerar que unha deputada vexa os seus dereitos constitucionais e parlamentarios negados polo feito de atoparse embarazada, como xa ocorreu nesta Cámara na pasada lexislatura.

Debemos mirar ao futuro e construír un camiño de progreso e liberdade. Iso é o que están esperando de nós todos os galegos e galegas: unha aposta decidida pola rexeneración democrática e pola plena asunción dos valores do pluralismo, a participación e a transparencia, incidindo en niveis diferentes e en mecanismos

complementarios. Debemos, polo tanto, reforzar a centralidade do Parlamento de Galicia no sistema institucional autonómico. Non hai que esquecer que é o órgano elixido por sufraxio universal e directo por parte dos cidadáns da nosa Comunidade. Isto fai que a Cámara deba ostentar a posición máis relevante no conxunto de órganos e poderes.

Un Parlamento forte fará a nosa democracia, sen dúbida, máis forte; Galicia agradeceránolo. As súas armas son poderosas, porque son as armas da pureza democrática: a palabra, a dialéctica, a forza da argumentación. O xogo democrático invítanos a achegar posicións para satisfacer as demandas de Galicia e satisfacer os seus intereses superiores. Isto é compatible coa lealdade ás propias ideas e ao respecto ao adversario político.

O labor do Parlamento de Galicia manifestará, en todo momento, un total compromiso cos dereitos fundamentais, clave do Estado de dereito. E isto non só apoiando o noso comisionado neste eido, o Valedor do Pobo, senón tamén na actividade cotiá da Cámara.

E manifestará tamén un total compromiso co labor de control do Executivo, tan importante nun sistema democrático, reforzando a nosa colaboración co Consello de Contas, así como cos demais órganos constitucionais e estatutarios e o resto dos parlamentos autonómicos.

Unha comunidade xenuinamente democrática ten que buscar un equilibrio entre goberno e liberdade. O Parlamento ocupa o eixe funcional de semellante equilibrio, porque este órgano é unha solución institucional ao problema da conciliación entre autoridade e liberdade.

Remato xa, señorías, confiando en que todas estas reflexións sirvan para posicionar a esta Presidencia no traballo rigoroso e serio, pero tamén humilde e comprometido, no comezo solemne da presente lexislatura.

E quixera aproveitar esta primeira intervención formal para pedir desculpas anticipadas polos erros que, sen dúbida, hei cometer no exercicio das funcións que me teñen sido encomendadas. Poden

estar seguros de que xamais serán intencionados, e de que o meu obxectivo será sempre tender pontes entre as distintas sensibilidades que poidan coexistir nesta Cámara e propiciar a adopción de acordos entre o Goberno e as tres forzas políticas que forman parte do arco parlamentario.

Aspiro a ser a presidenta de todos, e con todos agardo contar, incluído o persoal desta casa, sen eles, ningunha de tantas actividades aquí se desenvolven podería chegar a bo termo. E para eles, exemplo de profesionalidade e bo facer, reclamo o apoio e a consideración tamén das súas señorías.

Non é a esta Presidencia á que lle corresponde levar a iniciativa, pero si lles adianto que está en disposición de contribuír a crear o clima propicio dentro desta casona do Hórreo para que cantos traballos se emprendan cheguen a bo porto.

Señorías, poñamos esforzo, traballo e paixón ao encargo que os galegos nos encomendaron nas urnas.

Só queda repetir a exclamación de Alfredo Brañas: “A loitar, pois, por Galicia”.

Moitas grazas.

Declaro aberta a oitava lexislatura do Parlamento de Galicia.